

RESOLUCIÓN REITORAL DO 25 DE MAIO DE 2020, MEDIANTE A QUE SE DEIXA SEN EFECTO A RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE MARZO DE 2020, QUE MODIFICA O CALENDARIO ESTABLECIDO PARA O PAGAMENTO FRACCIONADO DOS PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA, E ABRE UN NOVO PRAZO PARA EFECTUAR DITO PAGAMENTO .-

A Resolución reitoral do 19/03/2020 deriva o cuarto prazo de pagamento dos prezos públicos de matrícula até o momento de perda de vixencia do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Actualmente, transcorridos máis de dous meses da súa entrada en vigor:

-Estanse a realizar as avaliacións das materias de segundo cuadrimestre e anuais, así como a defensa dos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster. Débese prever que, con motivo da finalización dos seus estudos, os estudantes exerzan o seu dereito de solicitude de expedición do seu título académico.

-Publicouse con data do 20/05/2020 a relación dos beneficiarios que poden percibir as axudas da UDC, concedidas por situación de dificultade económica sobrevida por mor da situación da crise sanitaria COVID-19.

Para poder solicitar a expedición do seu título ou para percibir as sobreditas axudas os alumnos precisan ter aboada na súa totalidade a matrícula efectuada no curso académico vixente.

Habida conta do que antecede, e considerando que a segunda oportunidade para render exames de materias e para concorrer ás defensas de Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster Universitario está acordada para o período establecido entre o 29 de xuño e o 24 de xullo, de acordo co calendario que consta nas Medidas para a finalización do curso académico 2019/2020, aprobadas polo Consello de Goberno do 22/04/2020,

RESOLVO:

Deixar sen efecto a Resolución do 19/03/2020 e establecer un novo prazo para o pagamento do cuarto prazo de matrícula, que se iniciará o día seguinte da publicación da presente resolución na sede electrónica da Universidade, e rematará o 29 de xuño de 2020.

Comunicar aos Decanos e Directores das Facultades e Escolas así como ás Administracións e Unidades de Xestión Académica Integrada desta Universidade, de acordo co establecido na Resolución reitoral do 19/03/2020, a reanudación do cómputo dos prazos para efectuar o pagamento do cuarto prazo de matrícula.

Para os efectos previstos nesta resolución os Servizos Informáticos da Universidade disporán na aplicación informática correspondente a posibilidade de que os alumnos podan efectuar o pagamento indicado.

Código Seguro De Verificación	j4PX0XAMrbprSLRWnk9PPA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	27/05/2020 14:06:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j4PX0XAMrbprSLRWnk9PPA==		

